



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN POR CONCURSO (EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL -D.A. 6ª E 8ª DA LEI 20/2021)

EXPEDIENTE: 2023/E001/000004

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS: ALBANEL

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Emitiuse providencia do concelleiro delegado para coñecer as prazas que poden publicarse na Oferta de Emprego Público para a estabilización.

SEGUNDO. Consta a listaxe do persoal coa súa antigüidade.

TERCEIRO. O 10.03.2022 celebrouse a mesa xeral de negociación de funcionarios e persoal laboral do concello onde se indicaron un par de suxestións ao informe proposta para a OPE, de data 22.02.2022.

CUARTO. O 13.05.2022 a mesa xeral de negociación informou favorablemente a proposta de acordo á OPE.

QUINTO. Por Decreto de alcaldía de data 13/05/2022 resolveuse aprobar a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal.

SEXTO. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 94, do 19.05.2022.

OITAVO. No expediente constan a proposta de bases xerais corrixidas coas apreciacións dos representantes dos traballadores e as bases específicas de cada posto de traballo a convocar.

NOVENO. por Resolución de Alcaldía núm. 1998/2022 de data 22/11/2022, con correccións de erros núm. 2046/2022 de data 25/11/2022 e núm. 2127/2022 de 12/12/2022, aprobáronse as bases e a convocatoria excepcional, mediante sistema de concurso, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal para o Concello de Betanzos e abriuse o prazo de presentación de solicitudes.

DÉCIMO. Na sede electrónica e no Boletín oficial da provincia da Coruña número 238, do 19 de decembro de 2022, publicáronse integramente as bases que han de rexer a convocatoria. O 28.12.2022 este anuncio foi publicado no BOE nº 311.

UNDÉCIMO. Durante o prazo de presentación de solicitudes achegáronse as seguintes solicitudes:

DATA	Nº REXISTRO ENTRADA	NIF	APELIDOS E NOME
12/01/2023	202399900000171	***9158**	VIÑAS MAYO, RUBÉN
23/01/2023	202300000000241	***3701**	ROMAY ARES, VÍCTOR
23/01/2023	202399900000359	***0056**	LÓPEZ SANTISO, JOSÉ FRANCISCO



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lexislación aplicable vén determinada por:

- O artigo 2 e as disposicións adicionais primeira, cuarta, sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Os artigos 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Os artigos 128.2 e 130 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Os artigos 15 a 26 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91, 92, 100 a 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A tenor do disposto nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da devandita lei, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016, ou se trate de prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

SEGUNDA. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos na meritada norma.

TERCEIRA. A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022.

A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

CUARTA. Do resultado dos procesos de estabilización, a taxa de cobertura temporal deberá situarse por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

QUINTA. A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación nas entidades locais.

SEXTA. De acordo coas Bases Xerais dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público de 2022 do Concello de Betanzos correspondente a prazas estruturais incursas nas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro débese atender ao seguinte:

SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.*
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.*
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.*
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- e) Posuír a titulación esixida.*
- f) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Betanzos a cantidade fixada como dereitos de exame.*
- g) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA oportuno, de acordo co indicado nas bases específicas ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).*

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega. Estes requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias

TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Á solicitude deberá conter o xustificante de ter pagado as taxas correspondentes ao grupo da praza, segundo a ORDENANZA FISCAL N.º 2.—REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN E TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS[...]

CUARTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emenda. Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: sede.Betanzos.gal. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

Examinada a documentación que acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **PROPOÑO**:

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	Causa
VIÑAS MAYO, RUBÉN	***9158**	
ROMAY ARES, VÍCTOR	***3701**	
LÓPEZ SANTISO, JOSÉ FRANCISCO	**0056**	

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa

SEGUNDO. As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico de anuncios do Concello, para corrixir os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os e as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos/os e excluídos/as, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a composición do Tribunal e o lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE